

coas normas que se establecen no punto 3 do artigo 65 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada pola disposición adicional terceira deste real decreto, mediante unha liquidación de cotas que comprenda a totalidade do período, e que terá o carácter de complementaria se, como consecuencia das remuneracións aboadas polos períodos de traballo concentrado, quedasen exentos determinados importes da obriga de cotizar, sempre que a liquidación de cotas e o ingreso da liquidación complementaria, se é o caso, se realice dentro dos dous meses seguintes á data de entrada en vigor deste real decreto, e sen prexuízo da aplicación do prazo de prescrición establecido.

No suposto de que no momento da entrada en vigor deste real decreto non se tivese efectuado cotización ningunha por concentrarse o período de traballo do contratado a tempo parcial en períodos posteriores, serán de aplicación as regras correspondentes do citado artigo 65.3, debendo efectuarse o pagamento da liquidación complementaria polos períodos xa transcorridos no mes seguinte á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, expresamente, os reais decretos 1991/1984, do 31 de outubro, polo que se regula o contrato a tempo parcial, o contrato de relevo e a xubilación parcial, e 144/1999, do 29 de xaneiro, polo que se desenvolve, en materia de acción protectora, o Real decreto lei 15/1998, do 27 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións de carácter xeral que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

23038 *REAL DECRETO 1132/2002, do 31 de outubro, de desenvolvemento de determinados preceptos da Lei 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.* («BOE» 284, do 27-11-2002.)

A Lei 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible, introduce unha serie de modificacións lexislativas para conseguirla flexibilidade da idade de xubilación co fin de dotala dos caracteres de gradualidade e progresividade, levando ó ordenamento xurídico o contido, neste ámbito, do Acordo para a mellora e o desenvol-

vemento do sistema de protección social, subscrito o 9 de abril de 2001 polo Goberno, a Confederación de Comisións Obreiras, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa.

O obxectivo básico da lei citada dirixese ó establecemento dun sistema flexible de xubilación que, ó tempo que permita, en determinados casos, a xubilación anticipada antes do cumprimento da idade ordinaria de xubilación, tenda a favorecer-la prolongación na actividade dos traballadores de máis idade, potenciando desta forma a súa presenza social activa, coas indubidables vantaxes, tanto para o propio traballador como para os sistemas de pensións.

Neste obxectivo, a Lei 35/2002 contempla a posibilidade de acceder á pensión de incapacidade permanente cando esta deriva de continxencias profesionais, alén dos sesenta e cinco anos; o establecemento da mellora da pensión de xubilación, cando se acceda a ela cumpridos os sesenta e cinco anos e acreditados trinta e cinco anos de cotización, medida que se combina coa de exoneración de cotizacións sociais, tanto nas achegas empresariais como a cargo do traballador, nos supostos de que se prolongue a actividade alén dos sesenta e cinco anos e tendo cumprido o traballador un importante período de cotización.

As medidas anteriores acompañanse doutras que permiten que, nos supostos de cesamento na actividade por causa non imputable ó traballador, e cando este acredita unha longa carreira de aseguramento, poida acceder á xubilación anticipada, cunha redución da contía da pensión, por cada ano que lle falte ó traballador para o cumprimento da idade ordinaria. Ora ben, fronte ó que sucedía na lexislación anterior, o coeficiente sinlado varía en función dos anos de cotización que acredite o traballador, propiciándose, desta forma, un incremento dos principios de contribución e de proporcionalidade, bases nas que se asenta a modalidade contributiva de pensións.

A nova escala de coeficientes reductores da contía da pensión, nos supostos de xubilación anticipada, aplícase tamén a aqueles supostos nos que o acceso á dita modalidade se produce por aplicación da disposición transitoria terceira da Lei xeral da Seguridade Social.

Pola súa vez, o artigo 1 da Lei 35/2002, a través da modificación do artigo 165.1 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, posibilita que poida compatibilizarse a percepción da pensión de xubilación, coas consecuencias establecidas nel e nos termos que regulamentariamente se establezan. Cómpre, pois, fixa-la regulación da denominada xubilación flexible e con este fin o presente real decreto prevé as regras de compatibilidade entre a percepción da xubilación, nun importe reducido, e a realización dun traballo a través dun contrato a tempo parcial, así como as consecuencias das cotizacións efectuadas con posterioridade ó momento de causa-la pensión de xubilación.

Para a aplicación das previsións legais, faise necesario aborda-lo seu oportuno desenvolvemento regulamentario, detallando e aclarando determinados aspectos que derivan das modificacións incorporadas á Lei xeral da Seguridade Social.

Na súa virtude, de acordo co previsto na disposición derradeira segunda da Lei 35/2002, do 12 de xullo, e na disposición derradeira sétima da Lei xeral da Seguridade Social, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,

c

DISPÕÑO :

CAPÍTULO I

Pensión de xubilación

SECCIÓN 1.^a XUBILACIÓN ANTICIPADAArtigo 1. *Xubilación anticipada de traballadores por conta allea.*

Poderán acceder á xubilación, aínda que os interesados non cumprisen a idade fixada no artigo 161.1.a) da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, os traballadores pertencentes ó réxime xeral, ó réxime especial da minería do carbón e os traballadores por conta allea incluídos no réxime especial de traballadores do mar, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos sesenta e un anos de idade reais. Para tal efecto non serán de aplicación as bonificacións de idade, das que se poden beneficia-los traballadores dalgúns sectores profesionais pola realización de actividades penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres.

2. Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de trinta anos completos, día a día, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o aboamento de anos e días de cotización por cotizacións anteriores ó 1 de xaneiro de 1967, a que se refire a disposición transitoria segunda.3.b) da orde do 18 de xaneiro de 1967.

Para acreditarlo período de cotización a que se refire o parágrafo anterior, no caso de traballadores contratados a tempo parcial, teranse en conta as especialidades previstas na súa regulación específica, multiplicando o número de días teóricos de cotización polo coeficiente multiplicador do 1,5.

En todo caso esixirase que, do período de cotización, ó menos dous anos estean comprendidos dentro dos quince anos inmediatamente anteriores ó momento de causa-lo dereito, ou, ó momento en que cesou a obriga de cotizar, se se accede á pensión de xubilación anticipada desde unha situación de alta ou asimilada á alta, sen obriga de cotizar.

3. Encontrarse inscritos nas oficinas do servizo público de emprego, como demandantes de emprego, durante un prazo de, ó menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de solicitude da xubilación.

Non obstará ó cumprimento deste requisito a simultaneidade da inscrición sinalada coa realización dunha actividade por conta propia ou allea, sempre que tal actividade sexa compatible coa inscrición como demandante de emprego, segundo a lexislación vixente.

4. Que o cesamento no último traballo realizado, en virtude do cal se solicite a xubilación, se produza como consecuencia da extinción do contrato de traballo en virtude de causa non imputable á libre vontade do traballador. En todo caso, entenderase cumprido este requisito cando a extinción da relación laboral se produza por algunha das seguintes causas:

a) En virtude de despedimento colectivo fundado en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, sempre que aquel fose debidamente autorizado conforme o disposto na Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) Por morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, ou por extinción da personalidade xurídica do contratante, cando determinen a extinción do contrato de traballo.

c) Por despedimento improcedente, sempre que o traballador impugnase a decisión empresarial e exercese o seu dereito de reincorporación ó traballo, sen que isto fose posible pola oposición do empresario ou por peche ou cesamento da empresa.

d) Por despedimento baseado en causas obxectivas, de conformidade co establecido no artigo 52 do Estatuto dos traballadores.

e) Por resolución voluntaria por parte do traballador, nos supostos previstos nos artigos 40, 41.3 e 50 do Estatuto dos traballadores.

f) Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, sempre que estas causas non actuasen por denuncia do traballador.

g) Por resolución da relación laboral durante o período de proba por instancia do empresario, sempre que a extinción da relación laboral anterior se debese a algún dos supostos contemplados neste número.

h) Por calquera outra causa en virtude da cal a extinción do contrato de traballo non derive de causa imputable á libre vontade do traballador.

5. Tamén poderán acceder á xubilación regulada neste artigo, cumpridos os requisitos esixidos nos seus números 1, 2 e 3, sempre que a extinción da relación laboral anterior viñese precedida por algunha das causas sinaladas no número anterior:

a) Os beneficiarios da prestación de desemprego, cando esta se extinga por esgotamento do prazo de duración da prestación ou por pasar a ser pensionista de xubilación, de conformidade co sinalado, respectivamente, nas alíneas a) e f), número 1, do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.

b) Os beneficiarios do subsidio por desemprego, de nivel asistencial, maiores de cincuenta e dous anos.

c) Os traballadores maiores de cincuenta e dous anos que non reúnan os requisitos para acceder ó subsidio por desemprego de maiores desa idade, unha vez esgotada a prestación por desemprego, e continúen inscritos nas oficinas do servizo público de emprego.

6. Para o acceso á xubilación anticipada dos traballadores a que se refire este artigo non será esixible o cumprimento dos requisitos contidos nos números 3 e 4, cando se trate de traballadores ós que a empresa, en virtude de obriga adquirida en acordo colectivo, aboase, como mínimo, durante os dous anos anteriores á data da solicitude da xubilación, unha cantidade que, en cómputo global, non sexa inferior ó resultado de multiplicar por 24 a suma dos seguintes importes:

a) A contía mensual da prestación que correspondese ó traballador en concepto de prestación contributiva por desemprego, de ter accedido á situación legal de desemprego, na data da extinción do contrato de traballo.

b) O importe mensual da cota satisfeita polo traballador no convenio especial suscrito por aquel.

Para a acreditación do cumprimento do requisito sinalado, a empresa deberá emitir unha certificación na que consten as cantidades aboadas ó traballador, en virtude de obriga adquirida mediante acordo colectivo, ó menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á data da xubilación, así como as bases de cotización por desemprego dos cento oitenta días inmediatamente anteriores á baixa na empresa. O traballador, xunto coa solicitude da pensión de xubilación, deberá presentala certificación da empresa ante a entidade xestora correspondente.

Artigo 2. *Contía da pensión de xubilación anticipada para traballadores por conta allea.*

1. Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire o artigo anterior, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ó traballador para cumprí-los sesenta e cinco anos, dos seguintes coeficientes:

- a) Con trinta anos completos de cotización acreditados: 8 por 100.
- b) Entre trinta e un e trinta e catro anos completos de cotización acreditados: 7,5 por 100.
- c) Entre trinta e cinco e trinta e sete anos completos de cotización acreditados: 7 por 100.
- d) Entre trinta e oito e trinta e nove anos completos de cotización acreditados: 6,5 por 100.
- e) Con corenta ou máis anos completos de cotización acreditados: 6 por 100.

2. Para o cómputo dos anos de cotización con vistas á determinación dos correspondentes coeficientes reductores terase en conta o seguinte:

- a) Computaranse, se é o caso, os anos e días de cotización, segundo a idade, a que se refire a disposición transitoria segunda.3.b) da orde do 18 de xaneiro de 1967.
- b) Tomaranse anos completos de cotización, sen que se equipare a un ano a fracción deste.

3. Unha vez causado o dereito, os coeficientes reductores da idade pola realización de traballos penosos, tóxicos, perigosos ou insalubres serán tidos en conta para a determinación do correspondente coeficiente reductor da pensión de xubilación.

SECCIÓN 2.^a PENSIÓN DE XUBILACIÓN PARA TRABALLADORES CON SESENTA E CINCO OU MÁIS ANOS

Artigo 3. *Contía da pensión de xubilación para traballadores con sesenta e cinco ou máis anos.*

1. Cando se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior ós sesenta e cinco anos, a porcentaxe aplicable á respectiva base reguladora será a resultante de sumar ó 100 por 100 un 2 por 100 adicional por cada ano completo que, na data do feito causante da pensión, se cotizase desde o cumprimento dos sesenta e cinco anos, sempre que nese momento o interesado tivese acreditados trinta e cinco anos de cotización.

Se o traballador non tivese ese período acreditado, a porcentaxe adicional indicada aplicarase, cumpridos os sesenta e cinco anos, desde a data en que se acreditase o dito período de cotización.

2. Para efectos do cumprimento dos sesenta e cinco anos teranse en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que, se é o caso, correspondan.

Así mesmo, para a acreditación dos trinta e cinco anos de cotización, teranse en conta os días e anos de cotización, segundo idade, a que se refire a disposición transitoria segunda.3.b) da orde do entón Ministerio de Traballo, do 18 de xaneiro de 1967, así como os que resulten acreditados, pola aplicación dos coeficientes en razón da realización de traballos penosos, tóxicos, perigosos ou insalubres.

3. Para ter dereito ó incremento do 2 por 100 a que fai referencia o número 1 terá que acreditarse un ano completo de cotización, sen que para estes efectos se poida asimilar a un ano a fracción deste. De igual modo, non se terá en conta o cómputo da parte proporcional por gratificacións extraordinarias, correspon-

dentes a cotizacións posteriores ó cumprimento dos sesenta e cinco anos.

4. Os anos exonerados de cotización a que fai referencia o artigo 112 bis da Lei xeral da Seguridade Social computaranse para efectos de aumentala contía da pensión de xubilación, no suposto recollido no número 1 deste artigo.

5. Nos casos de pensións de xubilación que se encontren suspendidas na súa percepción pola realización dunha actividade incompatible, os anos de cotización posteriores á dita suspensión teranse en conta para acreditarla porcentaxe adicional a que fai referencia o número 1 deste artigo, sempre que se trate de traballadores que reunisen as condicións de idade e cotización esixidos no mesmo no momento en que accederon á pensión de xubilación. A porcentaxe de aumento será dun 2 por 100 adicional da base reguladora da pensión que tivese recoñecida por cada novo ano de cotización efectiva que complete o interesado desde que se suspendeu a pensión, sempre que tivese sesenta e cinco anos e trinta e cinco ou máis de cotización naquel momento.

6. En ningún caso a contía total da pensión que resulte por aplicación das porcentaxes sinaladas no número 1 deste artigo poderá supera-la contía íntegra que estableza anualmente a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado como límite máximo de percepción de pensión pública.

SECCIÓN 3.^a XUBILACIÓN FLEXIBLE

Artigo 4. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta sección será de aplicación a tódolos réximes da Seguridade Social, coa excepción establecida na disposición adicional primeira deste real decreto.

Artigo 5. *Concepto.*

1. Considérase como situación de xubilación flexible a derivada da posibilidade de compatibilizar, unha vez causada, a pensión de xubilación cun traballo a tempo parcial, dentro dos límites de xornada a que se refire o artigo 12.6 da Lei do Estatuto dos traballadores, coa consecuenta minoración daquela en proporción inversa á redución aplicable á xornada de traballo do pensionista, en relación á dun traballador a tempo completo comparable, nos termos sinalados no número 1 do artigo 12 da Lei do Estatuto dos traballadores antes mencionada.

2. Fóra dos supostos sinalados no número anterior, a percepción da pensión de xubilación será incompatible coa realización de actividades, lucrativas ou non, que dean lugar á inclusión en calquera dos réximes da Seguridade Social, así como nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 165 da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 6. *Comunicación de actividades á entidade xestora e efectos.*

1. O pensionista de xubilación, antes de inicialas actividades realizadas mediante contrato a tempo parcial, deberá comunicar tal circunstancia á entidade xestora respectiva.

2. O importe da pensión reducirase en proporción inversa á redución da xornada de traballo polo pensionista en relación á dun traballador a tempo completo comparable, nos termos sinalados no artigo 12.1 do Estatuto dos traballadores.

A minoración da contía da pensión terá efectos desde o día en que comece a realización das actividades.

c

3. A falta de comunicación indicada no número 1 terá como efectos o carácter indebido da pensión, no importe correspondente á actividade a tempo parcial, desde a data de inicio das correspondentes actividades e a obriga de reintegro do indebidamente percibido, sen prexuízo das sancións que procedan de acordo co previsto na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 7. *Compatibilidade e incompatibilidade.*

1. A pensión de xubilación flexible será incompatible coas pensións de incapacidade permanente que puidesen corresponder pola actividade desenvolvida, con posterioridade ó recoñecemento da pensión de xubilación, calquera que sexa o réxime en que se causen aquelas.

2. O percibo da pensión de xubilación flexible será compatible coas prestacións de incapacidade temporal ou de maternidade derivadas da actividade efectuada a tempo parcial.

Artigo 8. *Efecto das cotizacións efectuadas despois da suspensión da pensión.*

1. As cotizacións efectuadas nas actividades realizadas durante a suspensión parcial do percibo da pensión de xubilación producirán efectos para a mellora da pensión, unha vez producido o cesamento no traballo.

2. Para os efectos previstos no número anterior, unha vez comunicado o cesamento na realización das actividades á entidade xestora competente, restablecese o percibo íntegro da pensión de xubilación, modificada a súa contía, se é o caso, por aplicación das regras seguintes:

1.^a Procederá a calcular de novo a base reguladora, mediante o cómputo das novas cotizacións e aplicando as regras que estean vixentes no momento do cesamento na actividade, salvo que a aplicación do establecido nesta regra dese como resultado unha redución do importe da base reguladora anterior, caso no que se manterá esta última, ben que aplicando á contía da pensión as revalorizacións habidas desde a data de determinación da base reguladora ata a do cesamento no traballo.

2.^a As cotizacións efectuadas, despois da minoración do importe da pensión de xubilación, darán lugar á modificación da porcentaxe aplicable á base reguladora, en función do novo período de cotización acreditado.

Así mesmo, as cotizacións indicadas producirán efectos para diminuír ou, se é o caso, suprimir, o coeficiente reductor que se aplicase, no momento de causar dereito á pensión, no caso de acceso anticipado á xubilación, por aplicación do establecido no número 3 do artigo 161 ou na disposición transitoria terceira, ambos da Lei xeral da Seguridade Social.

3. Se o traballador falecese durante a situación de xubilación flexible, para efectos do cálculo das prestacións de morte e supervivencia que correspondan, os beneficiarios poderán optar por que aquelas se calculen desde a situación de activo do causante ou, se é o caso, desde a situación de pensionista do mesmo. Neste último suposto, tomarase como base reguladora das prestacións de morte e supervivencia a que serviu para a determinación da pensión de xubilación, aplicándose as revalorizacións habidas desde o momento en que se determinou a correspondente base reguladora.

Artigo 9. *Outros efectos.*

Durante o percibo da pensión de xubilación flexible, os titulares manterán a condición de pensionista para efectos de recoñecemento e percepción das prestacións sanitarias.

CAPÍTULO II

Prestacións de incapacidade permanente

Artigo 10. *Beneficiarios maiores de sesenta e cinco anos.*

1. Non se recoñecerá o dereito ás prestacións de incapacidade permanente cando o beneficiario, na data do feito causante, teña sesenta e cinco ou máis anos e reúna tódolos requisitos para acceder á pensión de xubilación no sistema da Seguridade Social, excepto que a orixe da incapacidade permanente se deba a continxencias profesionais.

Para tales efectos, para a determinación da idade de sesenta e cinco anos non se terán en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que, se é o caso, correspondan.

2. Terán dereito ás prestacións de incapacidade permanente por continxencias comúns e na contía prevista no artigo seguinte as persoas que, reunindo as condicións esixidas, sexan declaradas en tal situación cando na data do feito causante teñan cumpridos sesenta e cinco anos e non reúnan tódolos requisitos para acceder á pensión de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Artigo 11. *Contía da pensión de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns respecto dos que non reúnan os requisitos para acceder á pensión de xubilación.*

1. Nos casos en que o traballador, con sesenta e cinco ou máis anos, acceda á pensión de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns por serlle de aplicación o establecido no número 2 do artigo anterior, a contía da pensión de incapacidade permanente será equivalente ó resultado de aplicar á correspondente base reguladora a porcentaxe que corresponda ó período mínimo de cotización que estea establecido, en cada momento, para o acceso á pensión de xubilación.

2. Se o traballador fose cualificado como grande inválido, terá dereito á pensión a que se refire o número anterior, incrementándose a súa contía nun 50 por 100.

CAPÍTULO III

Cálculo da base reguladora en supostos de exoneración de cotas de Seguridade Social

Artigo 12. *Cálculo da base reguladora en supostos de exoneración de cotas de Seguridade Social para traballadores por conta allea con sesenta e cinco ou máis anos.*

Polos períodos de actividade nos que non efectuasen cotizacións por continxencias comúns, nos termos previstos no artigo 112 bis da Lei xeral da Seguridade Social, referido a traballadores con contrato indefinido con sesenta e cinco ou máis anos de idade, con exclusión dos incluídos nos réximes especiais agrario e de empregados domésticos, que tivesen acreditados trinta e cinco ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, para efectos de determinar a base reguladora das prestacións derivadas de continxencias comúns, con excep-

ción da incapacidade temporal, teranse en conta as seguintes regras:

1.^a Tomaranse as bases polas que estivese cotizando o interesado, salvo que sexan superiores ó resultado de incrementa-la media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior, na porcentaxe de variación media coñecida do índice de prezos do consumo no último ano indicado, máis dous puntos porcentuais.

2.^a Se as bases de cotización declaradas fosen superiores á media das do ano anterior, incrementadas segundo o disposto na regra 1.^a, tomarase como base de cotización a dita contía.

3.^a Para efectos do cálculo da media citada na regra 1.^a tomaranse as bases de cotización correspondentes á actividade e empresa pola que estea exonerado de cotización e por xornada equiparable á que se estea realizando.

4.^a Se non existisen bases de cotización en tódalas mensuralidades do ano natural anterior, tomarase a media das bases de cotización que existan, dividida polo número de meses ó que estas correspondan.

5.^a De non existiren bases de cotización pola actividade que se encontra suxeita á exoneración de cotas, tomaranse as bases de cotización que teña o interesado por traballos por conta allea realizados durante o ano anterior ó comezo da dita exoneración, en xornada equiparable á que se encuentre exenta de cotización.

6.^a De non existiren bases de cotización no ano anterior, tomaranse as bases de cotización do primeiro ano en que existan, calculando a media citada na regra 1.^a e aplicando as regras citadas nos números anteriores. Esta media incrementarase na porcentaxe de variación media do ano ou anos naturais anteriores ata chegar ó ano correspondente ó do período de exoneración de cotas.

Artigo 13. *Cálculo da base reguladora en supostos de exoneración de cotas da Seguridade Social para traballadores por conta propia con sesenta e cinco ou máis anos.*

Polos períodos de actividade nos que os traballadores por conta propia, nos termos establecidos na disposición adicional trixésima segunda da Lei xeral da Seguridade Social, estean exentos de cotizar á Seguridade Social, por teren cumpridos sesenta e cinco ou máis anos de idade e acreditar trinta e cinco ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, para efectos de determina-la base reguladora das prestacións derivadas de contingencias comúns, con excepción da incapacidade temporal, teranse en conta as seguintes regras:

1.^a As bases de cotización tomadas en consideración para a determinación da base reguladora serán equivalentes ó resultado de incrementa-la media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior ó comezo do período de exención de cotización, na porcentaxe de variación media coñecida do índice de prezos de consumo no último ano indicado, sen que as bases así calculadas poidan ser inferiores á contía da base mínima de cotización fixada anualmente na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

2.^a Para efectos do cálculo da dita media tomaranse as bases de cotización correspondentes á actividade por conta propia pola que estea exonerado de cotización.

3.^a Se non existisen bases de cotización en tódalas mensuralidades do ano natural anterior ó comezo do período de exención de cotización, tomarase a media das bases de cotización que existan, dividida polo número de meses ó que correspondan.

4.^a De non existiren bases de cotización no ano anterior, tomaranse as bases de cotización do primeiro

ano en que existan, calculando a media citada conforme as regras citadas nos números anteriores; esta media incrementarase na porcentaxe de variación media do ano ou anos naturais anteriores ata chegar ó ano correspondente ó do período de exoneración de cotas.

Disposición adicional primeira. *Réximes excluídos.*

As disposicións previstas neste real decreto non serán de aplicación ó réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, ó réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e ó réxime especial da Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de Xustiza.

Disposición adicional segunda. *Cómputo recíproco de cotizacións.*

Os supostos de xubilación anticipada regulados no capítulo I deste real decreto, cando o traballador acredite cotizacións a máis dun réxime do sistema, rexeranse en todo caso polas normas en vigor sobre cómputo recíproco de cotizacións, aplicándose as normas especiais nesta materia, establecidas na Lei 47/1998, do 23 de decembro, exclusivamente ós supostos de xubilación anticipada ó abeiro de normas de dereito transitorio, reguladas nas disposicións transitorias primeira e segunda deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Xubilación anticipada, en determinados supostos, polos traballadores que tivesen a condición de mutualista laboral o 1 de xaneiro de 1967.*

1. Os traballadores que tivesen a condición de mutualista laboral con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1967, acrediten máis de trinta anos completos de cotización e soliciten a xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo por causa non imputable ó traballador, verán reducida a contía da pensión por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ó traballador para cumprilos sesenta e cinco anos de idade. Esta porcentaxe de redución será, en función dos anos completos de cotización acreditados, o seguinte:

- a) Entre trinta e un e trinta e catro anos de cotización acreditados: 7,5 por 100.
- b) Entre trinta e cinco e trinta e sete anos de cotización acreditados: 7 por 100.
- c) Entre trinta e oito e trinta e nove anos de cotización acreditados: 6,5 por 100.
- d) Con corenta ou máis anos de cotización acreditados: 6 por 100.

2. En todo caso, entenderase cumprido o requisito de que o cesamento no traballo non é debido a causa imputable ó traballador cando se producise por algunhas das seguintes causas:

a) En virtude de despedimento colectivo fundado en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, sempre que aquel fose debidamente autorizado conforme o disposto no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) Por morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, ou por extinción da personalidade xurídica do contratante, cando determinen a extinción do contrato de traballo.

c) Por despedimento improcedente, sempre que o traballador impugnase a decisión empresarial e exercese o seu dereito de reincorporación ó traballo, sen que este

c) fose posible pola oposición do empresario ou por peche ou cesamento da empresa.

d) Por despedimento baseado en causas obxectivas, de conformidade co establecido no artigo 52 do Estatuto dos traballadores.

e) Por resolución voluntaria por parte do traballador, nos supostos previstos nos artigos 40, 41.3 e 50 do Estatuto dos traballadores.

f) Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, sempre que estas causas non actuasen por denuncia do traballador.

g) Por resolución da relación laboral durante o período de proba a instancia do empresario, sempre que a extinción da relación laboral anterior se debese a algún dos supostos contemplados neste número.

h) Por calquera outra causa en virtude da cal a extinción do contrato de traballo non derive de causa imputable á libre vontade do traballador.

3. Tamén serán de aplicación as porcentaxes sinaladas no número 1 anterior nos supostos referidos a continuación, sempre que a extinción da relación laboral anterior viñese precedida por algunha das causas sinaladas no número 2 anterior:

a) Beneficiarios da prestación de desemprego, cando esta se extinga por esgotamento do prazo de duración da prestación ou por pasar a ser pensionista de xubilación, de conformidade co sinalado, respectivamente, nas alíneas a) e f), número 1, do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.

b) Beneficiarios do subsidio por desemprego, de nivel asistencial, maiores de cincuenta e dous anos.

c) Traballadores maiores de cincuenta e dous anos que non reúnan os requisitos para acceder ó subsidio por desemprego de maiores da dita idade, unha vez esgotada a prestación por desemprego, e continúen inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do servizo público de emprego.

4. Para efectos do cómputo dos anos de cotización a que se refire o número 1, aplicaranse as normas establecidas para determinala contía da pensión de xubilación coa idade ordinaria de sesenta e cinco anos.

5. As referencias que nesta disposición transitoria se efectúan ó 1 de xaneiro de 1967 deberanse entender efectuadas á data que determinen as súas diversas normas reguladoras, respecto dos colectivos integrados no réxime xeral que teñan establecida outra data distinta, así como para os traballadores que fosen cotizantes ás entón mutualidades laborais do carbón.

Disposición transitoria segunda. Réxime especial de traballadores do mar.

Nos supostos de acceso á xubilación anticipada no réxime especial de traballadores do mar, nos termos previstos na disposición transitoria terceira do Regulamento xeral dese réxime especial, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, cando se acrediten menos de trinta e oito anos de cotización, e calquera que sexa a causa de extinción da relación laboral previa, a contía da pensión reducirase, por cada ano que, no momento do feito causante, lle falte ó traballador para cumprilos sesenta e cinco anos de idade, nunha porcentaxe do 7 por 100, por aplicación do establecido na Orde do 3 de xaneiro de 1977.

Cando se acrediten trinta e oito ou máis anos de cotización, e a extinción da relación laboral se produza por algunha das causas establecidas no número 2 da disposición transitoria primeira deste real decreto, a por-

centaxe de redución será, en función dos anos de cotización acreditados, a seguinte:

a) Entre trinta e oito e trinta e nove anos completos de cotización acreditados: 6,5 por 100.

b) Con corenta ou máis anos completos de cotización acreditados: 6 por 100.

Disposición transitoria terceira. Pensións de xubilación suspendidas á entrada en vigor do real decreto.

Os pensionistas que na data de entrada en vigor do presente real decreto teñan suspendida a pensión, en virtude do disposto no artigo 16 da Orde do entón Ministerio de Traballo do 18 de xaneiro de 1967, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento da pensión de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social, poderán acollerse ó establecido na sección 3.^a, capítulo I, do mesmo.

Para os efectos da rehabilitación do percibo da pensión, no importe que corresponda, en función da xornada realizada, terán unha retroactividade máxima de tres meses desde a data da solicitude, sen que, en ningún caso, os mesmos poidan ser anteriores á data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Disposicións que se derrogan.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no presente real decreto e, expresamente, o artigo 6 e a disposición transitoria segunda do Real decreto 1647/1997, do 31 de outubro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 24/1997, do 15 de xulio, de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. Facultades de aplicación e desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións xerais que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do que se dispón neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

MINISTERIO DE ECONOMÍA

23256 *REAL DECRETO 1204/2002, do 20 de novembro, polo que se regula o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa. («BOE» 286, do 29-11-2002.)*

Os reais decretos 1873/1997, do 12 de decembro, e 2659/1998, do 14 de decembro, definiron o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa como un foro